



POLA BEIRA DO RÍO CASTRO

Adela Leiro, Mon Daporta
xaneiro 2020



Distancia: 8 km (ida e volta)
Dificultade: media



Do castelo de Naraío ás fervezas do rego da Pasada da Barra

Unha pequena ruta para gozar da natureza e da historia.

En San Sadurniño, ao longo do río do Castro, hai un roteiro que ten dúas partes ben diferenciadas: a primeira, de algo máis de 5 km, que vai desde a igrexa de Naraío ata o castelo, con longos tramos pola beira de estradas locais asfaltadas; e a segunda desde a área de lecer do Saíme á área de lecer do Pozo de Lamas, por camiños e carreiros case sempre á beira do río. Este espazo forma parte do LIC/ZEC "Xuvia-Castro-Forgoselo"



Río Castro

PERCORRIDO

Nós como somos máis de terra que de asfalto, e o noso obxectivo non era só andar, fixemos unha mestura co derradeiro tramo da primeira parte, o **castelo** e a súa contorna, para velo de preto e achegarnos á fervenza que hai debaixo, para volver a subir e encamiñarnos á **área de lecer do Saíme** ao pé do río calmo, encorado para alimentar o xerador eléctrico da minicentral, onde comeza a segunda parte do sendeiro, 3 km por camiños e carreiros que van remontando o curso sen desviarse da auga máis que cando temos que superar o **alto do Pico**, unha zona de rápidos con forte desnivel e acceso imposible, para volver logo á beira da auga e non deixala case ata rematar o tramo na **área de lecer do Pozo de Lamas**.

Logo de rematar o percorrido do sendeiro encamiñámonos ao outro punto de interese do noso percorrido: as **fervenzas do rego da Pasada da Barra** ou, como aparece nomeado no mapa, do **rego do Mariaqueira** que no curto tramo duns 400 m cae máis de 100 m por unha pendente rochosa na que ten varios saltos.

Esta parte do percorrido está fóra do roteiro e non ten sinais nen camiño. Comezámola ao pé da vella ponte que se atopa no remate da área de lecer, onde o rego desauga no río Castro, e levando o rego á esquerda comezamos a remontalo por un camiño que ao pouco se desvía á dereita. Aquí deixamos o camiño para seguir de fronte por un carreiro, invisible coa cuberta de follas, inconvenientes do inverno, pero, vantaxes do inverno, as árbores sen follas e o aumento do caudal do río por mor das abundantes choivas, permítenos ver de lonxe a cor branca da auga que cae e escoitar o ruído que produce ao bater nas rochas e nas pozas de debaixo. Así ao pouco de saír xa temos a primeira fervenza, non moi alta pero de fronte aberto e poza despexada, a que acompaña desde a outra beira do río unha parede cuberta de *woodwardias*, un fento de grandes frondes, unha especie relictica do Terciario, propia de espazos máis cálidos, que só se atopa en zonas húmidas e sombrizas pouco alteradas. A partir de aquí o traxecto é difícil e convén levar material axeitado para camiñar e ter un apoio cando se necesite. Non é doado camiñar preto da auga pola verticalidade das paredes e os grandes desniveis, polo que teremos que apartarnos da canle para buscar terreo practicable e sitios para achegarnos á auga cando vexamos as caídas que se suceden case nun continuo. Un pouco por enriba da primeira fervenza temos unha escorregadoira e detrás dela outra fervenza, velas e doado pero achegarse a elas é outra cousa.

Por enriba desta está a máis ampla, a máis atractiva e a máis coñecida e visitada. Nese punto no estreito val faise un oco, o río pártese en dous e dúas caídas enchen unha poza que case pecha un grupo de grandes pedras ás que se pode baixar para ver e gozar do conxunto e facer as fotos.

De aquí para arriba xa case non se atopan carreiros e o relevo tampouco axuda pero con gañas podemos chegar a outra fervenza con varias caídas paralelas e por enriba dela aínda hai outras máis pequenas. Baixar e cousa de facer con coidado. A volta faise polo camiño da ida, aínda que entre a **ponte do Remiceiro** e a **ponte da Pedreira** hai un carreiro pola outra beira do río. Para rematar, unha vez de volta na área do Saíme, cruzamos a ponte para achegarnos ao miradoiro; ento e pico metros de forte subida, para chegar a un punto con boas vistas ocultas polos eucaliptos.



Castelo de Naraio construído no século XIV e destruído nas revoltas irmandiñas, reconstruído máis adiante e abandonado a comezos do século XVII. Atópase en período de restauración.



Muíño no río Castro.

O **río Castro** nace na serra do Forgoselo e xúntase co Grande de Xuvia en Narón, pouco antes de desaugar na ría de Ferrol. Na zona de Naraio (San Sadurniño) ten unha sucesión de rápidos e fervenzas e discorre por un estreito canón.



Fervenza do Castelo no río do Castro



Área de Lecer do Saíme en Naraio



Bríons nos toros das árbores



Área de Lecer do Pozo de Lamas en Igrexafeita

Fervenzas no rego da Pasada da Barra



À esquerda da fervenza parte das woodwardias, os fentos dunha especie relicta do Terciario, propia de espazos máis cálidos, que en Galiza só se atopa en zonas húmidas e sombrizas pouco alteradas, en lugares de baixa altitude das provincias da Coruña e no norte de Lugo

